

**INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA NO ACTO DE ENTREGA DAS
MEDALLAS CASTELAO 2011**

Santiago, 28 de xuño de 2011.-

Autoridades presentes;
Premiados coas Medallas Castelao;
Señoras e señores:

Aínda que o principal motivo que hoxe nos convoca é louvar a personalidade daqueles que son distinguidos coas Medallas Castelao deste ano, quero facelo situando na gran corrente do galeguismo a Luis Espada, a Antonio Fernández de Buján y Fernández, a María del Carmen Porto Vázquez, a Modesto Seara Vázquez e a Roberto Tojeiro Rodríguez.

Porque sería equivocado reducir esa forza motriz que nos impulsa como comunidade, a unha actividade exclusivamente especulativa ou teórica. Hai un galeguismo de pensamento e un galeguismo de acción. Xunto aos que pensan Galicia, están tamén os que a fan día a día. Se somos un país completo, débese a que non faltan no noso corpo comunitario, nin os pensadores capaces de sintetizar a nosa alma colectiva, nin os que exercen a nobre galeguidade dos feitos.

Por iso afirmo que os cinco galegos que homenaxeamos forman parte dunha savia que fixo e fai frutificar o mellor de nós. Todos eles teñen unha característica que adornou aos representantes do galeguismo tradicional: son muller e homes do seu tempo. Foino tamén a figura que dá nome a estes premios. Foino a Xeración Nós que sitúa na súa divisa a definición de Galicia como 'célula de universalidade'. Fórono os intelectuais que en épocas aciagas loitaron por conectar Galicia cos ventos da liberdade que sopraban en Europa.

Existe unha teimuda preocupación de que Galicia sexa partícipe dos movementos coetáneos de progreso e liberdade. Mesmo pode afirmarse que en determinados momentos históricos, a nosa terra é un dos berces que ten o europeísmo en España. Hai ao respecto unha coincidencia curiosa que protagonizaron dous intelectuais galegos que non sempre acompañaron as súas posicións políticas, malia compartir unha fonda devoción polo seus país.

Alfonso Rodríguez Castelao, aínda en medio das ruínas da posguerra, publica en 1948 o manifesto titulado '*Perante a Unión Europea*', realmente premonitorio do que sucedería décadas máis tarde.

Case ao mesmo tempo, Salvador de Madariaga participa con Von Hayek, Karl Popper e outros intelectuais, nun cumio que senta as bases dunha Europa liberal. Se o rianxeiro ve nesa unión a vía para superar a longa guerra civil dos pobos europeos, o coruñés

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

atopa no liberalismo reformista a cura idónea contra os extremismos que asolaran o continente. Velaí que dous pais do europeísmo son galegos, pero o destino quere que ademais sexa outro galego un dos partícipes do logro da unidade alemá, fito culminante da unidade europea. Trátase de Xerardo Fernández Albor, presidente da comisión do Parlamento Europeo encargada de impulsar o achegamento das dúas Alemañas.

Sirva esta lembranza para limiar a unha pregunta inspirada pola presenza dos cinco persoeiros que pasan a engrosar o cadro de honra das Medallas Castelao. ¿En qué consiste hoxe o galeguismo? A resposta non é moi diferente da que deron nas súas épocas Alfredo Brañas, Manuel Murguía, Vicente Risco ou Ramón Piñeiro. Todos eles foron galeguistas dunha maneira diferente porque o seu tempo era diferente, e as Galicias que viviron tamén eran distintas. Agora, somos os galegos de hoxe os que habemos de buscar as receitas para os problemas de hoxe e a súa entrega debe ser un permanente guieiro.

Eles ensínannos que o galeguismo é a ferramenta para unir aos galegos e facelos parte activa do mundo contemporáneo. Un galeguismo que divida ou estableza categorías, non é válido para construír o país, e tampouco o será aquel outro que só vexa ameazas no entorno.

O galeguismo do século XXI ha ser global na dobre acepción da palabra, é dicir, auspiciando unha Galicia entendida como realidade global, e estimulando a incorporación do país ao escenario global no que xa se desenvolven inevitablemente as relacións humanas. Segue a estar vixente, en suma, o ideal de facer de Galicia 'unha célula de universalidade'.

¿E quen define os perfís dese galeguismo? Os galegos. Non pode ser doutro xeito, sendo como son a democracia e a autonomía realidades dabondo asentadas. Nunha democracia plena, o galeguismo non é diferente da vontade libremente expresada polo pobo. Non esquezamos a este respecto que, gran parte do pensamento galeguista, medra en contextos históricos nos que a democracia auténtica é simplemente un anhelo, e a autonomía un soño lonxano ou unha esperanza perdida no fragor da guerra civil.

Nesas épocas, o pobo galego existe pero é un pobo obrigado a permanecer silente. Ese mutismo involuntario fai que ao pobo soamente se lle poida interpretar, igual que ao neno que aínda non ten as capacidades da fala. As marxes desa interpretación redúcense cando é a cidadanía madura a que se expresa directamente, e proclama o que quere ser. Pois ben; esa vontade plural e cambiante é o galeguismo do século XXI. Velaí o desexo formulado tantas veces por Ramón Piñeiro de que o galeguismo deixase de ser patrimonio privado dunha sigla ou dunha elite, para transformarse no clima compartido no que todos puidéramos entendernos e comprendernos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ese galeguismo cívico, é precisamente o que hoxe fai posible que todos os galegos vexamos en cada un dos distinguidos coas Medallas Castelao unha das nosas ou uns dos nosos.

Pertence ao acervo común do galeguismo o labor de Luis Espada en prol do afianzamento do sistema universitario galego, en tempos pouco propicios. Galeguismo xurídico é o que distingue a Antonio Fernández de Buján y Fernández, que o executa en forma de manuais de dereito público e dereito privado romano, todos eles feitos en Miño, provincia da Coruña; e máximo especialista da xurisdición voluntaria.

O de María del Carmen Porto Vázquez é un galeguismo pioneiro que abre as portas á muller na docencia, na medicina e na xestión sanitaria. Galeguismo global e galeguismo local é o de Modesto Seara, creador de dez universidades, con dezasete campus, para os que menos teñen, no Estado Mexicano de Oaxaca. Galeguismo é o de Roberto Tojeiro, un galeguismo empresarial que dá traballo a 8.000 persoas. Un galeguismo empresarial para que na Galicia de hoxe o seu apelido sexa sinónimo de progreso, de innovación, de compromiso e de futuro.

Temos diante de nós unha galería magnífica do galeguismo do século XXI. Todos os premiados son artífices da Galicia libre, da Galicia plural e da Galicia aberta, aberta ao mundo na que vivimos, o mundo no que traballamos e o mundo no que soñamos. Eles son a mostra de que a fecundidade do noso país non ten o seu fundamento no cultivo dunha única identidade, senón na singular combinación de identidades distintas. É a nosa capacidade para mesturar pensamentos, para mesturar culturas e maneiras de ser, a que nos fai máis fortes.

Perseverar nese espírito que aglutina, que abre portas, que se esforza por incorporar novas correntes, é a clave que lle permitirá a Galicia ter un lugar entre os pobos que constrúen o futuro. Iso precisamente é o que fan os galegos que hoxe honramos coas Medallas Castelao. Grazas a todos eles por facer de Galicia o mundo en pequeno que é este gran país.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA